



BOP

MÉRCORES, 21 DE XANEIRO DE 2026

N.º 016

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 31 de outubro de 2025 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de xuño de 2025.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Baralla, 15 de xaneiro de 2026.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 0095

CHANTADA

Anuncio

BASES ENTROIDO 2026

PRIMEIRA.- ACTIVIDADE SUBVENCIONADA E BENEFICIARIOS

O obxecto da presente é convocar un concurso de entroido coa finalidade de promocionar e conservar este tipo de tradicións. A actividade subvencionada será a realización do concurso do desfile de comparsas do Entroido 2026.

A saída será dende a Avenida de Lugo (Domus VI) o sábado día 14/02/2026 ás 18:00 horas e rematará na Praza de Galicia.

SEGUNDA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DA SUBVENCIÓN

O Concello de Chantada comprométese a aportar a cantidade de 6.000,00€ en concepto de premios do Entroido 2026 definida na consideración precedente, con cargo á aplicación orzamentaria correspondente.

Esta cantidade será aboada ao beneficiario, para o cal será necesario e imprescindible que o xurado poña en coñecemento do Concello de Chantada aos premiados.

TERCEIRA.- REQUISITOS PARA O CONCURSO DO DESFILE DE COMPARSAS DO ENTROIDO 2026

O XURADO DO CONCURSO ESTARÁ COMPOSTO POR:

- Cinco membros que valorarán os distintos aspectos de 1 a 10 puntos.
- A responsable da Casa da Cultura do Concello de Chantada, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases do concurso.

O xurado terá liberdade para establecer as súas cualificacións, sendo os criterios a valorar os seguintes: o vestiario e orixinalidade dos disfraces, a posta en escena durante o desfile, a simpatía e a gracia dos participantes, a orixinalidade da carroza ou plataforma, o título da comparsa ou grupo e a actuación final diante do palco **(a actuación final diante do palco non poderá ser superior a 3 minutos)**

O persoal da organización e o xurado do concurso quedan autorizados para excluír do desfile ou cambiar a orde de colocación a calquera elemento das comparsas que se considere perigoso (animais de todo tipo, petardos, etc....) co obxecto de garantir a seguridade dos demais participantes e do público asistente.

O Xurado fará pública a súa decisión unha vez rematado o desfile, reservándose o dereito de declarar deserto os premios e as axudas que considere oportunas por non acadar a calidade ou participación suficiente. Será publicada ademais no taboleiro de anuncios do Concello.

A decisión do xurado é inapelable.

Os premios poderán ser declarados desertos se, a xuízo do xurado, as comparsas non reunisen a calidade mínima necesaria.

En caso de empate gañará a comparsa que obtivera maior puntuación no apartado de :

1 Desempate. **Posta en escena durante o desfile.**

2 Desempate. **Vestuario e orixinalidade dos disfraces.**

3 Desempate. **Actuación final diante do palco.**

A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases.

CATEGORÍAS

1. COMPARSAS: ADULTOS

Todos aqueles grupos formados por **15 ou máis persoas.**

2. COMPARSAS: INFANTIL

Todos aqueles grupos formados por **15 ou máis persoas.**

Poderán participar na modalidade de infantil todos os grupos formados integramente por menores de 14 anos, ou que máis dun 70 % dos seus membros sexan menores desta idade.

AXUDAS

Coa finalidade de que a participación sexa importante darase a cada comparsa participante **de 15 ou máis persoas** a cantidade de:

COMPARSAS de 15 persoas ou máis :100,00 €

A cantidade máxima de comparsas que opten a esta axuda non excederá en ningún caso de dez , no caso de superar esta cantidade priorizará a orde de inscrición.

INSCRICIÓN

O procedemento de concesión será por concorrencia competitiva.

As persoas ou grupos que desexen participar deberán presentar no rexistro do Concello e desde o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria vía BDNS no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ata o 26 de febreiro de 2026, a seguinte documentación con carácter obrigatorio:

— Solicitude asinada polo participante ou representante legal.

— Fotocopia do DNI do solicitante e no seu caso do CIF.

O xoves día 12 de febreiro celebrárase unha reunión de obligada asistencia na casa da Cultura ás 20:00 horas, cun representante de cada comparsa.

A súa finalidade é a de aclarar dúbidas e precisar o lugar que cada quen ocupará no desfile, é **moi importante** traer o **audio (non pode superar os 3 minutos)** a reproducir o día do desfile en formato extraíble de cada comparsa participante.

INFORMACIÓN: CASA DA CULTURA DE CHANTADA - 982441752

PREMIOS: DESFILE DE COMPARSAS 2026

ACÓRDASE DAR OS SEGUINTE PREMIOS:

COMPARSAS ADULTOS

A: Comparsas formadas por **15 ou máis persoas.**

1º PREMIO: **700,00 €**

2º PREMIO: **500,00 €**

3º PREMIO: **300,00 €**

COMPARSAS INFANTÍS

A: Comparsas formadas por **15 ou máis persoas.**

1º PREMIO: **700,00 €**

2º PREMIO: 500,00 €

3º PREMIO: 300,00 €

COMPARSAS ADULTOS LOCAIS (Premio compatible coa categoría adultos)

A: Comparsas formadas por 15 ou máis persoas.

1º PREMIO: 500,00 €

2º PREMIO: 300,00 €

3º PREMIO: 200,00 €

COMPARSAS INFANTÍS LOCAIS (Premio compatible coa categoría infantil)

A: Comparsas formadas por 15 ou máis persoas.

1º PREMIO: 500,00 €

2º PREMIO: 300,00 €

3º PREMIO: 200,00 €

***As comparsas de adultos e infantís, locais, deberán estar formadas, maioritariamente, por persoas empadroadas no Concello.**

PREMIOS: 5.000,00 €

AXUDAS: 1.000,00 €

TOTAL GASTO: 6.000,00 €

CUARTA.- PRAZO E MODO DE PAGO DA SUBVENCIÓN.

Todas as comparsas deberán presentar as xustificacións correspondentes antes de tres meses dende a celebración do concurso.

QUINTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Son obrigas dos beneficiarios aquelas recollidas no artigo 14 da LXS.

SEXTA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLO BENEFICIARIO:

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición de conta por parte do xurado, así como o xustificante de recibir o premio segundo o establecido no apartado anterior.

En todo caso, deberá facerse por parte do participante:

1. Declaración responsable de cumprir os requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13.2 e 3 da Lei 38/2004, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Declaración responsable de non ser debedor da Facenda pública e de estar ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social.

SÉTIMA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En materia de infraccións e sancións as partes remítense ao preceptuado nos artigos 52 e seguintes da Lei xeral de subvencións.

OITAVA.- RÉXIME XURÍDICO

Estes premios rexeranse polas presentes bases e polo establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, RD 887/2006 Regulamento da Lei Xeral de Subvencións e supletoriamente pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como demais normativa que sexa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL: ENTRADA EN VIGOR. :

Esta convocatoria entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo.

Chantada, 15 de xaneiro de 2026.- O alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 0096